



EXPEDIENTE 2024/C0003/0000016: "Punto limpo fixo no Concello de Touro".

José López González, secretario-interventor do Concello de Touro do que é alcalde por delegación Jesús Martínez Pereira (Decreto 267/2024 de 5 de agosto de 2024)

CERTIFICA

Que o martes día 6 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, cos quórum de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:

"12 EXPEDIENTE 2024/C0003/0000016: "Punto limpo fixo no Concello de Touro". Aprobación expediente de contratación.

ANTECEDENTES

EXPEDIENTE 2022/A008/000041. Solicitud de subvención á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022.

Resumo do orzamento do contrato para os efectos de fiscalización:

Expediente:	Importe
Orzamento de execución material	245.668,99 €
Gastos xerais (13%)	31.936,97 €
Beneficio industrial (6%)	14.740,14 €
Orzamento base de licitación (sen IVE):	292.346,10 €
IVE (21%)	61.392,68 €
Orzamento base de licitación (con IVE)	353.738,78 €
Valor estimado do contrato:	292.346,10 €

EXPEDIENTE 2024/C0003/000008: "Punto limpo fixo no Concello de Touro", Informe Concelleiro delegado de obras sobre a necesidade da contratación da obra.

- *Memoria necesidade de contratación Concelleiro delegado de obras de incoación do expediente de contratación.*
- *Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación*
- *Prego de prescricións técnicas que rexen na contratación*
- *Informe de intervención*
- *Informe de secretaría*
- *Informe da Deputación Provincial da Coruña de análise previa de riscos, co fin de darlle debido cumprimento á delegación das atribucións do Concello de Touro (sesión de 23 de setembro 2022, aceptada polo Pleno da Deputación na sesión de 28 de outubro de 2022) en relación á prevención de riscos e de medidas anti-fraude na xestión do fondos NextgenerationEU (PLAN PREMADECOR).*
- *Acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria de 12 de xullo de 2024 onde consta de xeito textual o seguinte:*



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

PRIMEIRO. Declarar deserto o expediente de contratación n.º 2024/C0003/000008, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, da obra "Punto limpo fixo no Concello de Touro", cun orzamento base de licitación de 353.738,78 euros (21% de IVE), por non presentarse ofertas no prazo legalmente establecido.

SEGUNDO. Ordenar o inicio de novo expediente, mediante o procedemento correspondente segundo o artigo 159,4 da actual Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

TERCEIRO. Publicar o presente acordo no perfil contratante do Concello de Touro.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Este contrato ten a consideración de contrato administrativo de obras consonte ao disposto no artigo 13 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP, en adiante).

SEGUNDA. No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as determinacións técnicas esixidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato.

TERCEIRA. No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

CUARTA. No expediente consta o informe da Deputación Provincial da Coruña de análise previa de riscos, co fin de darlle debido cumprimento á delegación das atribucións do Concello de Touro (sesión de 23 de setembro 2022, aceptada polo Pleno da Deputación na sesión de 28 de outubro de 2022) en relación á prevención de riscos e de medidas anti-fraude na xestión do fondos NextgenerationEU (PLAN PREMADECOR), onde consta que non se aprecia ningún indicador de riscos e constan unhas recomendacións que foron tidas en conta e están incluídas no expediente e no prego de cláusulas administrativas.

QUINTA. A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao Alcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme ao apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

O órgano competente para aprobar o expediente é a Alcaldía xa que o valor estimado do contrato non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais).

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Acordo do Pleno do Concello de



Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Conservar os seguintes actos/documentos contidos no expediente 2024/C003/000008 e incorporalos a o expediente 2024/C003/000016:

- Memoria necesidade de contratación Concelleiro delegado de obras de incoación do expediente de contratación.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación
- Prego de prescricións técnicas que rexen na contratación (proxecto técnico).
- Informe de intervención
- Informe de secretaría
- Informe da Deputación Provincial da Coruña de análise previa de riscos, co fin de darlle debido cumprimento á delegación das atribucións do Concello de Touro (sesión de 23 de setembro 2022, aceptada polo Pleno da Deputación na sesión de 28 de outubro de 2022) en relación á prevención de riscos e de medidas anti-fraude na xestión do fondos NextgenerationEU (PLAN PREMADECOR).

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C0003/000016, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, da obra "Punto limpo fixo no Concello de Touro", cun orzamento base de licitación de 353.738,78 euros (21% de IVE incluído).

TERCEIRO. Aplicar o prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer a contratación mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), utilizando como prego de prescricións técnicas (PPT) o proxecto da obra redactado por Pablo Blanco Ferreiro (Enxeñeiro de Camiños, C. e P.), aprobados pola Xunta de Goberno Local o 11 de xuño de 2024.

CUARTO. Autorizar o gasto polo importe de trescentos cincuenta e tres mil setecentos trinta e oito euros con setenta e oito céntimos (353.738,78 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1621.62900 do vixente orzamento municipal prorrogado.

QUINTO. Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación aloxado na plataforma de contratación do Estado, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para que no prazo de 26 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, polo voto favorable do Alcalde, dos Concelleiros José Luís Ramos Barreiro (Movemento Veciñal de Touro) e Jesús Martínez Pereira (Partido Galego) e o voto en contra do Concelleiro Darío Rey Suárez (Movemento Veciñal de Touro) pola inclusión de xuízos de valor na licitación, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Conservar os seguintes actos/documentos contidos no expediente 2024/C003/000008 e incorporalos a o expediente 2024/C003/000016:



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

- Memoria necesidade de contratación Concelleiro delegado de obras de incoación do expediente de contratación.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación
- Prego de prescricións técnicas que rexen na contratación (proxecto técnico).
- Informe de intervención
- Informe de secretaría
- Informe da Deputación Provincial da Coruña de análise previa de riscos, co fin de 4gost debido cumprimento á delegación das atribucións do Concello de Touro (sesión de 23 de setembro 2022, aceptada polo Pleno da Deputación na sesión de 28 de outubro de 2022) en relación á prevención de riscos e de medidas anti-fraude na xestión do fondos NextgenerationEU (PLAN PREMADECOR).

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C0003/000016, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, da obra "Punto limpo fixo no Concello de Touro", cun orzamento base de licitación de 353.738,78 euros (21% de IVE incluída).

TERCEIRO. Aplicar o prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer a contratación mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), utilizando como prego de prescricións técnicas (PPT) o proxecto da obra redactado por Pablo Blanco Ferreiro (Enxeñeiro de Camiños, C. e P.), aprobados pola Xunta de Goberno Local o 11 de xuño de 2024.

CUARTO. Autorizar o gasto polo importe de trescentos cincuenta e tres mil setecentos trinta e oito euros con setenta e oito céntimos (353.738,78 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1621.62900 do vixente orzamento municipal prorrogado.

QUINTO. Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación aloxado na plataforma de contratación do Estado, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para que no prazo de 26 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación."

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde por delegación.

Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Visto e praxe: Jesús Martínez Pereira, alcalde por delegación (Decreto 267/2024 de 5 de agosto de 2024).